# ADAPTACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA. CURSO 2019/2020

CENTRO: CEIP Alfonso D. Rodríguez Castelao - Vigo
CURSO: 6º curso de Educación Primaria
MATERIA: Lingua Castelá / Lingua Galega
DATA: Maio 2020

Instrucións do 27 de abril de 2020, da Dirección Seral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa para o desenvolvemento do terceiro trimestre do curso académico 2019/20, nos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia.

# Índice


1. **Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles** ............ 2
2. **Avaliación e cualificación** ............ 4
3. **Metodoloxía e actividades do 3º trimestre** ............ 5
4. **Información e publicidade** ............ 7

| 1. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles | |
|---|---|
| Criterio de avaliación | Estándar de aprendizaxe |
| B2.2. Comprender distintos tipos de textos adaptados á idade e utilizando a lectura como medio para ampliar o vocabulario e fixar a ortografía correcta | LCB2.2.1. Entende a mensaxe de xeito global e identifica as ideas principais e as secundarias dos textos de diferente tipoloxía, do ámbito escolar e social, a partir da lectura dun texto en voz alta |
| | LCB2.2.2. Comprende, con certo grado de detalle, diferentes tipos de textos atendendo á forma da mensaxe (descritivos, narrativos, dialogados, expositivos e argumentativos) e a súa intención comunicativa (informativos, literarios, prescritivos e persuasivos |
| B2.2. Interpretar e comprender a información procedente de gráficos, esquemas e ilustracións. | LGB2.2.1. Interpreta e comprende a información de gráficos, esquemas, mapas conceptuais e ilustracións, relacionando esta co contido do texto que a acompaña |
| B2.7. Utilizar textos científicos en diferentes soportes para seleccionar e recoller información, ampliar coñecementos e aplicalos en traballos persoais. | LCB2.7.1. Consulta diferentes fontes bibliográficas e textos de soporte informático para obter datos e información para realizar traballos individuais ou en grupo. |
| B2.9. Utilizar as Tecnoloxías da Información e a Comunicación de modo eficiente e responsable para a procura e tratamento da información. | LCB2.9.1. Utiliza os medios informáticos para obter información |
| | LCB2.9.2. Interpreta a información e fai un resumo da mesma. |
| B3.1. Producir textos con diferentes intencións comunicativas con coherencia, respectando a súa estrutura e aplicando as regras ortográficas coidando a caligrafía, orde e presentación. | LCB3.1.1. Escribe, en diferentes soportes, textos propios do ámbito da vida cotiá, do ámbito escolar e social: diarios, cartas, correos electrónicos, noticias, textos literarios, folletos informativos e literarios, narracións, textos científicos, anuncios publicitarios, regulamentos, receitas, instrucións, normas, solicitudes, …. |
| | LCB3.1.2. Escribe textos usando o rexistro adecuado, organizando as ideas con claridade, enlazando enunciados en secuencias lineais cohesivas e respectando as normas gramaticais e ortográficas |
| B3.5. Buscar unha mellora progresiva no uso da lingua, explorando canles que desenvolvan a sensibilidade, a creatividade e a estética. | LCB3.5.1. Pon interese e esfórzase por escribir correctamente de forma persoal. |
| B3.1. Usar as estratexias de planificación, textualización e revisión do texto. | LGB3.1.1. Planifica a elaboración do texto, antes de comezar a escribir, xerando ideas, seleccionando e estruturando a información, mediante notas, esquemas, guións ou mapas conceptuais. |
| | LGB3.1.2. Elabora o texto cunha estrutura clara, con coherencia e cohesionando os enunciados |
| | LGB3.1.3. Respecta as regras de puntuación no texto. |
| | LGB3.1.4. Aplica a norma lingüística: ortografía, acentuación, léxico, morfosintaxe e usa unha linguaxe non sexista |

| | |
|---|---|
| | LGB3.1.5. Revisa e reescribe o texto cando é preciso. |
| B4.4. Desenvolver estratexias para mellorar a comprensión oral e escrita a través do coñecemento da lingua | LCB4.4.2. Utiliza correctamente as normas de concordancia de xénero e número na expresión oral e escrita |
| | LCB4.4.4. Usa con corrección os signos de puntuación. |
| | LCB4.4.5. Aplica as normas do uso da til. |
| | LCB4.4.6. Utiliza unha sintaxe adecuada nas producións escritas propias. |
| B4.5. Utilizar programas educativos dixitais para realizar tarefas e avanzar na aprendizaxe. | LCB4.5.1. Utiliza distintos programas educativos dixitais como apoio e reforzo da aprendizaxe. |

<table>
<tr><th colspan="2">2. Avaliación e cualificación</th></tr>
<tr><td rowspan="2">Avaliación</td><td>Procedementos.-<br>• Revisión das tarefas realizadas polo alumnado.<br>• Probas obxectivas.</td></tr>
<tr><td>Instrumentos.-<br>• Arquivos dixitais enviados polo alumnado coa resolución das tarefas.<br>• Cuestionarios dixitais.</td></tr>
<tr><td>Cualificación final</td><td>Indicar o procedemento para obter a cualificación final do curso.-<br><br>A cualificación final do curso obterase en base a estes criterios:<br>• Media aritmética da cualificación da 1ª e 2ª avaliacións.<br>• Revisión desta media aritmética á alza, sobre todo no alumnado que amose interese no desenvolvemento das actividades de repaso, reforzo e ampliación propostas.</td></tr>
<tr><td rowspan="3">Alumnado de materia pendente</td><td>Entre o alumnado do 6º curso de Educación Primaria hai 6 nenos/as que teñen pendente a materia de Lingua Castelá correspondente á 2ª avaliación do curso 2019/2020.<br><br>Criterios de avaliación.-<br><br>- Narrar, explicar, describir, resumir e expoñer opinións e informacións en textos relacionados con situacións cotiás e escolares, de forma ordenada, adecuada, relacionando os enunciados entre si, usando de forma habitual os procedementos de planificación e revisión dos textos así como as normas gramaticais e ortográficas e coidando a caligrafía, a orde e a presentación<br>- Estimar o galego, estar motivado cara ao seu dominio e usalo progresivamente en situacións informais e formais, para comunicarse e para aprender.<br>- Utilizar textos das diferentes linguas do currículo, de acordo coa súa competencia, para elaborar un pequeno traballo nunha destas linguas.</td></tr>
<tr><td>Criterios de cualificación.-<br><br>Para obter a cualificación final do curso terase en conta:<br>- Cualificación da 1ª avaliación.<br>- Valoración das tarefas de repaso e reforzo propostas durante este trimestre co fin de recuperar a materia suspensa da 2ª avaliación.</td></tr>
<tr><td>Procedementos e instrumentos de avaliación.-<br><br>Procedementos: Revisión das tarefas realizadas polo alumnado.<br><br>Instrumentos: Arquivos dixitais enviados polo alumnado coa resolución das tarefas.</td></tr>
</table>

<table>
<tr><th colspan="2">3. Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, repaso, reforzo e, no seu caso, ampliación)</th></tr>
<tr><td>Actividades</td><td>• Visionado de vídeos explicativos dos contidos traballados.<br>• Composición de distintos tipos de textos.<br>• Tarefas de obtención e tratamento da información, elaboración de informes e comunicación a través da exposición oral.<br>• Actividades interactivas.</td></tr>
<tr><td>Metodoloxía (alumnado con conectividade e sen conectividade)</td><td>➢ Todo o alumnado do 6º curso de primaria conta con conectividade a internet e con algún dispositivo dixital.<br><br>Dado que o traballo neste terceiro trimestre ha de ser a distancia (a través da Aula Virtual do centro), a metodoloxía a seguir basearase en:<br>- Explicacións da mestra a través de vídeos ou escritos, realizados de xeito que resulten o máis asequibles posible para o alumnado.<br>- Proposta de tarefas que tendan ao desenvolvemento das competencias clave (neste momento, sobre todo, a competencia en comunicación lingüística).<br>- Videoconferencias con todo o alumnado, ou individuais, co fin de resolver dúbidas que vaian xurdindo.<br><br>Aínda sendo un traballo a distancia, os principios polos que rexerse seguirán a ser:<br>• Partir do nivel de desenvolvemento do alumnado e das súas aprendizaxes previas.<br>• Asegurar a construción de aprendizaxes significativas a través da mobilización dos seus coñecementos previos e dos seus intereses, coa fin de que resulten motivadores.<br>• Favorecer a capacidade de aprender por si mesmos, animándoos a realizar búsquedas e consultas constantes, sobre todo no ámbito dixital.<br>• Tendo en conta a diversidade do alumnado e atendendo as necesidades individuais, haberá que seguir prestando atención personalizada e establecendo mecanismos de reforzo ou ampliación. Accións estas que se poderán articular a través de WEBEX ou da mensaxería da Aula Virtual do centro, por exemplo.</td></tr>
<tr><td>Materiais e recursos</td><td>Materiais e recursos ofertados pola Administración:<br>- Aula Virtual do centro.<br>- Aplicación de videoconferencia WEBEX.<br><br>Materiais e recursos ofertados pola mestra:<br>- Dirección de correo electrónico.<br>- Vídeos explicativos gravados pola mestra.</td></tr>
</table>

| | |
|---|---|
| | - Fichas de traballo elaboradas pola mestra, baseándose en libros de texto deste nivel.<br>- Materiais tirados de distintos repositorios (ESPAZO ABALAR, PROCOMÚN).<br>- Recursos didácticos dixitais interactivos.<br><br>Materiais e recursos cos que conta o alumnado:<br>- Dispositivos dixitais (ordenador, tableta ou móbil)<br>- Conexión a internet.<br>- Material funxible (cadernos, folios, útiles de escritura...) |

| 4. Información e publicidade | |
|---|---|
| **Información ao alumnado e ás familias** | Indicar o procedemento que o profesorado empregará para informar ao alumnado.-<br><br>A través da aplicación AbalarMóbil, da que todas as familias do alumnado deste curso dispoñen, a mestra-titora enviará información anunciando a publicación desta adaptación da programación didáctica na páxina web do centro.<br><br>A mesma publicación se anunciará na Aula Virtual do 6º curso de primaria<br><br>Amais, o uso frecuente da aplicación de videoconferencia WEBEX permite á titora estar en contacto continuo co alumnado e as súas familias, dando resposta así ás inquedanzas que nelas poidan xurdir en torno á programación deste trimestre. |
| **Publicidade** | Publicación obrigatoria na páxina web do centro. |